

XI - 1946

Querido Lúis:

Recibín a tua carta e onte chegou o fermoso libro que che adicou Rafael Squirrú. Dá xenio velo. Sería interesante un exemplar para a Fundación Pensol, porque é importante que estes libros figuren nas bibliotecas públicas do noso país. Dade logo, a nós produtores, ademais da alegría amistosa, un verdadeiro goce espiritual.

Por aquí as cousas van indo cara adiante. Certo que con atrances, que a maior parte das veces proceden da ultra-dereita e ás veces tamén da ultra-esquerda. Estes, de seu, móvense nunha dirección utópica, pero a súa acción violenta beneficia grandemente ao bunker. De todos os xeitos, a ultra-dereita ten perdida a partida - e de ahí os seus esforzos desesperados por estrangular o proceso aperturista -, porque o Rei necesita apoiarce como "Rei dos españois" en lugar de ser o "Rei posto por Franco", a alta finanza e sectores importantes da Economía queren entrar no Mercado Común e a presión europea é favorable á democratización, presión á que se suma, con moitas cautelaf, a mesma U.S.A. - Os buñquerianos queren "arxentinizar" o ambiente político para provocar a ditadura militar - os seus berros sempre son: "¡Ejército al Poder!" -

como único medio de impedir a evolución democratizadora. Pero, hoxe por hoxe e coído que cada día con maior firmeza, o Exército está na liña do Rei, así que respaldar a apertura.

En Galicia o ambiente está moi sensibilizado para as reivindicacións colectivas do noso pobo como tel. Nunca houbo tanto galeguismo. A actuación dos partidos é polo de agora demasiado doutrinarie e un tanto confusa - cousa inevitable despois de tantos anos de clandestinidade -, pero pouco a pouco van madurecendo. Polo de pronto conquiere que a oposición inclúa as liberdades autónomas de Cataluña, Euzkadi e Galicia nas súas bases de negociación co Goberno.

O libro do Freixanes tivo un éxito grande. En dous meses vendéronse dous mil exemplares. Comentáronme moito e, en xeral, foi aullido con moito simpatía. No teu caso non de lamentar esas inexactitudes de que me falas.

Non publicaremos encantados no "GRAL" ese teu traballo sobre os emigrantes cando o escribas.

Cando venades atoparedes isto bastante animado.

Apertas novas para os dous

Ramon